

**CARTA DE CRISTOBO AO SEU TÍO DON ALIFONSO DE SANTIAGO  
(1846)**

CCX(46)

Cristobo de Xallas (1846): *Carta de Cristob.'a seu tio D1[o]n Alifonso de Santiago*. Trátase dun manuscrito que se encontra nunha das caixas que conteñen materiais dos irmáns Antonio e Francisco de la Iglesia que se custodian na Real Academia Galega. As súas tiradas de versos dispóñense en dúas columnas por cada páxina. Ao final dos versos 80, 238 e 469 escribíronse, respectivamente, os números 1, 3 e 2, que constitúen chamadas ás que se dá resposta nas páxinas <6b>, <7> e <8>: trátase de tres tiradas de versos engadidas coa intención de ampliar unha presumible versión inicial máis breve.

**AUTOR E CIRCUNSTANCIAS**

Trata do levantamento de 1846, que comezou en Lugo o 2 de abril e que rematou o 26 do mesmo mes cos fusilamentos de Carral (os mártires de Carral).

Aínda que a composición leva data de maio de 1846, debeu ser redactada en abril porque non se fala da execución de Solís e dos outros 11 oficiais (que tivo lugar o 16 de abril de 1846) e mesmo dá a sensación de que non está decidida a vitoria, pois aínda que é certo que ao primeiro nos di que Solís xa fora detido, ao final aínda se agarda a súa vitoria.

O autor é un liberal partidario do levantamento e residente na cidade da Coruña, cidade que estaba a favor do levantamento, pero que permaneceu controlada polo capitán xeneral Villalonga.

É o único testemuño escrito en galego deste acontecemento.

1 <1a> Carta de Cristob.'a seu tio D[o]n Alifonso de Santiago.

<p>Xaniño pares que ves De ver algunha disgracia– Por que ò dices? – Porque?</p>	<p>Socedech'algo? – A min, nada– E logo? – Elogo, que todo Xa se lo llevó la trampa–</p>
<p>5 Por q'oxe<sup>1</sup> tras unha cara Que parece un calabre,</p>	<p>10 E logo que hay? – Q'ha d'haber Q'houbou saragata larga</p>

1. No ms., ~~que~~ oxe.

	En Santiago – E eso q'importa–		Hastra de dentro d'as casas.
	Home, mal rayo te parta,		Concha ganou, non hay dubda <sup>3</sup>
	Con que collen a [Solis'] <sup>2</sup> ...–	35	Per'o demo d'a ganancia
15	Seiq'estas tolo! – Non marra–		Non lle valeu catr'ichavos
	Pero... porra! ¿como foi?!		Por que lle custou moy cara.
	Es'e imposible! – Caracha!		Que valor! Non se veu outra
	¡C'o demo do babiolo		Loita mais ben apurrada.
	Q'as quer'áinda mais craras!	40	Os nosos perder perdenon
20	Cando che digo q'e certo...–		Pro halles <sup>4</sup> de quedar fama
	Pero home, antonces fala		De valentes, mentres que
	Como socedeu, ou que hay–		Valentes haxa en España.–
	Nada, non socedeu nada–		Pero será certo eso?
	Pero... – Q'entrou alí Concha <sup>11</sup>	45	Paresem'unha boubada <sup>5</sup> .
25	Cando ninguen o esperaba,		Xaniño... sei que me choras...–
	E copou a devisón		Non sintes esas campanas
	Sin escapars' unha rata. –		Gran Demonio <sup>6</sup> , ou estas xordo?–
	Home parez' unha boubada.		Logo por eso tocaban? –
	Terian tan pouca ansia	50	Elogo!– Non hay vergonza
30	<1b> Q'habian d'estar dormindo		Porra! que galopinada!
	Sin contar c'unh'avanzada?–		Sendo todos españoles
	Disque moito se bateron...		Repinical as campanas!

I. D. Miguel Solís y Cuetos nacera en S. Fernando o 27 de marzo de 1816, de distinguida familia, sobriño do tenente xeneral D. Evaristo San Miguel. Formado na Mariña, na que chegou a alférez, pasou ao exército de terra. Esparterista, en 1842 pasou a formar parte do selecto *corpus* do Estado Mayor. En 1843 foi ascendido por Espartero a coronel, ascenso non aceptado polo Goberno moderado, que o destina á Coruña. Era, pois, comandante cando se pon á fronte do levantamento. A Xunta de Galicia elevouno o 15 de abril de 1846 a mariscal de Campo. O 23 de abril de 1846 entregouse ao xeneral De la Concha e, tras un xuízo sumarísimo, foi executado en Carral o 26 de abril de 1846.

II. O 7 de abril de 1846 o ministro de Guerra envía a Galicia o xeneral D. José De La Concha para que se faga cargo das tropas non sublevadas e faga fronte a Solís. De La Concha organiza a contrarrevolución; o 23 de abril ten lugar a batalla de Cacheiras que remata coa vitoria de la Concha, que perseguiu a Solís ata Santiago, e conseguiu que este se entregase o mesmo día.

2. No ms., talvez *Solvias*.

3. No ms. o <b> de *dubda* está na entrelíña, escrito sobre a palabra *duda*.

4. Talvez *halle*.

5. No ms. *boubada* está na entrelíña; debaixo, riscado, lese *patraña*.

6. No ms. *Gran Demonio* está na entrelíña; debaixo hai unha palabra riscada que resulta ilexible.

- |   |  |
|---|--|
| <p>55 Así staban parolando<br/>Xaniñ'ó de Vilouchada<br/>Q'e xastre d'aquí da Cruña<br/>Remendon de moita fama,<br/>E' Bartold'o zapateyro,<br/>Con perdon da sua cara,<br/>60 &lt;2a&gt; Que sin pestañal os ollos<br/>Espantado para el miraba<br/>Sentado na sua silla<br/>Co ã coitela empuñada<br/>E unha forma entr'as rodillas<br/>65 Que sobre d'el'afeitara<br/>Vnha vir'antes de que<br/>Pousas'a tal noticiada<br/>Que d'ahi saëu voãndo<br/>Sin lle ter med'a saraiba.</p> <p>70 Estando nest'atordidos<br/>Esbrancuxadal as caras<br/>Mirand'un besta<sup>8</sup> pr'o outro<br/>Feitos uns papalanatas<br/>Chegou Pep'o Carpenteiro<br/>75 Que ten acó<sup>9</sup> duas casas,<br/>E sabe ler e escribir,<br/>E tamen sab'o que fala<br/>Q'e home que lé papés,<br/>E navelas afamadas.</p> | <p>80 Veull'a lotari'antano<br/>E se come non traballa<sup>10</sup><br/>&lt;6b&gt; Q'he oficio que gorenta<br/>Mais q'apeitar<sup>11</sup> c'unha marra<br/>Por eso... ¡O Seor Gosé<br/>85 Desque non loita c'as taboas<br/>&lt;2a&gt; Xa se lle conoz'o ventre,<br/>E xa ten boa papada.<sup>12</sup><br/>Dempois de saudar os dous<br/>Dixo con moita cachaza:<br/>90 Que fas, Bartoldo. – Non sey.<br/>Non sey Pep'o que me faga,<br/>Por que... xa tardan os demos<br/>En arrigarme d'España –<br/>&lt;2b&gt; Hom'é eso? – Log'igñoras<br/>95 Por que tocan as campanas? –<br/>Ba, ba, ba! ¡que burro eres!<br/>E votou unha risada,<br/>E mirou asi de lado<br/>Os probes d'os meus panarras<br/>100 Doendose de que fosen<br/>Tan babions e tan sin alma –<br/>Pero logo qui e o que din!<br/>(Saltou Xan de Vilouchada)<br/>Non din q'aló os de Santiago<br/>105 Xa stan debaixo d'a zarpa?<br/>–Ba, ba, ba! quen traga es'hor[a]?<sup>13</sup></p> |
|---|--|

7. No ms. *E* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *Con*.

8. No ms., *bestas*.

9. No ms. *acó* esta na entreliña; debaixo, riscado, lese *aquí*.

10. Ao final desta liña aparece a chamada (1), á que se responde no inicio de <6b>, onde se len os seis versos que van de *Q'he oficio que gorenta* ata *E xa ten boa papada*. Os versos *Xa se lle conoz'o ventre*, / *E xa ten boa papada* lense tanto en <2a> coma en <6b>, pois o autor non fixo un enlace perfecto entre este engadido de <6b> e a continuación da *Carta* en <2a>. Baixo o verso *E se come non traballa* de <2a> lese *q[u]e he ofisio q[u]e gorenta*.

11. No ms. lese *que apeitar* corrixido para *q'apeitar*.

12. En <6b>, *papadal*.

13. No ms. *es'hor[a]?* está na entreliña; debaixo, riscado, parece lense *yesa!*.

- |   |   |
|---|---|
| <p>Pepe, Pep'as cousas malas<br/>Decote che salen certas –<br/>E sempre corr'a disgracia<br/>110 Detras d'os homes de ben,<br/>Dixo Xan de Vilouchada<br/>C'uns ollos tan afrexidos<br/>Q'abofé me daba lástema.<br/>– Pero q'habedes de ser<br/>115 Homes de tan pouca lacha!<br/>Dix'o noso carpenteiro<br/>Xa c'unha pouca de rabia,<br/>Que s'un burro de Garás<br/>Vos ven c'unha noticiada<br/>120 Dadesll'a el tanto creto<br/>Mais q'a<sup>14</sup> persoas humanas<br/>Nin sodes vos liberás<br/>Nin servides para nada:<br/>&lt;3a&gt; Buxainas me parecedes,<br/>125 q[u]e se n'as xeiran<sup>15</sup> non bailan<br/>(Aco na Cruña, meu tio,<br/>Chamanll'os trompos buxainas)</p> <p>Sonou os mocos Seor Pepe:<br/>Houb'unha pouca de pausa,<br/>130 Ós seores Bartold'e Xaniño<br/>Non repreciron palabra</p> | <p>Aguardando q'o Seor Pepe<br/>Lles decraras'a enxangada.<br/>As campanas mentres tanto<br/>135 Co seu tan tan galan tángalan!</p> <p>Sigueu o Seor Pep'e dixo:<br/>¡Coidado q'e moita gracia<br/>C'o mono xefe político<sup>III</sup><br/>E co Seor de Villalarga!<sup>IV</sup><br/>140 ¡Quen lles repinicar'a eles<br/>O cu con catro patadas! –<br/>Bartold'antonces lovántase<br/>Cheo de carraxe tanta<br/>Q'escumaba pol a boca<br/>145 Com'a unha coch[a] catralva<sup>16</sup><br/>E sin saber que lle dera,<br/>Tan enfogado s'achaba<br/>Que pares que con pemento<br/>Ll'embadornaran a cara.<br/>150 Catro patadas dixeché...<br/>Catro centas mil talladas<br/>D'ese mono de [...] <sup>17</sup>...<br/>Hei de facer sin tardanza.<br/>Heille de vingal a miña<br/>155 Ou na fieiteira m'esmagan<br/>&lt;3b&gt; Q'a patada que me dou</p> |
|---|---|

III. O xefe político da Coruña era o xeneral D. José Martínez, enviado polo Goberno en 1845, para liquidar a oposición progresista. De feito, o 28 de agosto de 1845, o xornal *El Porvenir*, que dirixía Antolín Faraldo, comunicaba que se suspendía o xornal por disposición do Goberno Civil.

IV. Villalonga é o capitán xeneral, quen durante o levantamento permaneceu pechado na praza forte da Coruña e, unha vez concluído, amosou a súa insania, acelerando os procesos para executar os procesados e impedir que lles fose concedido o indulto.

14. No ms. *persoas* vai precedido de *unha*, que está riscado.

15. No ms. *xeiran* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *fan bailar*.

16. No ms. *catralva* está na entreliña; debaixo, riscado, aparece algo ilexible.

17. Talvez *pelotas* ou *peloras*.

- a teñ'aquí<sup>18</sup> inda na nadega  
E tembranm'as moas todas  
D'[o]s demos<sup>19</sup> das labazadas.  
160 E todo por esa gorra  
De búcera<sup>20</sup> que lobaba –  
Bartoldo ¿quen che mandou  
Porll'a bolrra colorada,  
Saltou Xan, e porte teso  
165 Coma quen sac'unha chaira  
Diante d'el? q'a tard'aquela  
Mesmo pares que c'a rabia  
Lovado'staba dos demos...  
¿No'no vías q'esbochaba? –  
170 Bartoldo calou guindando<sup>21</sup>  
Co ã coitela na banca,  
E sapateou a forma  
Contr'o chao con tanta äлма  
Q'unha taboa do sobrado  
175 Estando faltos'e falsa  
Fixoa brincar pra arriba  
E doull'o rapaz<sup>22</sup> na cara  
Q'<sup>23</sup>estaba facend'un fio  
E tíñam'a canga baixa  
180 Virad'asina pra un lado  
Coma quen q'algo buscaba.  
Dios m'o perdone, foi ben  
Que vend'a forza d'a rabia
- Que tíñ'o Maestr'e, ainda  
185 Puñas'a rir o canalla,  
Mirando pr'o outro pícaro  
<4a> Que tres solas<sup>24</sup> remollaba;  
Pro... dempois adoeecía  
Dos dentiños... e as bágoas  
190 Baixabanll'<sup>25</sup>a rego cheo  
Polas fazulas d'a cara.  
Bartoldo que veu aquilo  
Dixoll'o rapaz "apaña<sup>26</sup>".  
E o Seor Gose<sup>27</sup> foi falando  
195 C'a sua santa cachaza:  
  
Deixalo (dixo do Xefe)  
Se sal d'esta rebodaina  
Ha de ter que contar moito...  
¿Se non lle cascan na cacha!  
200 Pro... xa pares que stiveron  
Ox'as morcillas baratas...  
Pero Xaniño decía:  
Esas malditas campanas  
Seor Pep', eses demonllos,  
205 ¿Que rayo he o que falan?  
O Seor Gose non dou creto,  
E esgarrou sen falar nada.  
Estonces saleu Bartoldo,  
Dixoll'a Xan: Home, cala.

18. No ms. *a teñ'aquí* está na entreliña; debaixo, antes de *inda*, aparece riscado *Aquí a teñ'*.

19. No ms. *demos* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *malditas*, adxectivo feminino con que concorda a contracción *D'as* que aparece no inicio do verso.

20. No ms. *búcera* está na entreliña; debaixo, riscada, lese a palabra *puñeta*.

21. Antes de *guindando*, riscado, lese *tirando*.

22. No ms. *rapaz* está na entreliña; debaixo, riscado, aparece *aprendiz*.

23. No ms., *que*.

24. No ms. *solas* está na entreliña; debaixo, riscada, parece lerselle a palabra *votas*.

25. No ms. *Baixabanll'* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *Caianll'*.

26. No ms. *apaña* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *aguanta*.

27. No ms. *Gose* está na entreliña; debaixo, riscado, aparece *Pepe*.

- 210 ¿Que sabes ti d'esas cousas  
Nin a verdá d'o que pasa.  
Os que non sabemos ler  
Tod'o mundo nos engaña:  
Métennos na orta sempre
- 215 Para royel as patacas.  
¡Cando Pepe che dí eso  
Ben sabe Pep'o que fala.  
<4b> Chamounos alí á un lado  
E dixoll'a Pepe: vaya
- 220 Ti sabes alg'e non queres  
Abril o peito, pois anda  
Q[u]e<sup>28</sup> n'hay medo q[u]e che veña  
Ningun *servil* d'escoitada,  
Que todos c'as candelexas
- 225 O redor d'o mono andan.  
Pegárons'os tres á esto  
Achegadi[ñ]os<sup>29</sup> a parcha  
E xuntaron as orellas,  
Abrind'as bocas d'a cuarta<sup>30</sup>.
- 230 Bartoldo mandou os picaros,  
Para que n'ouvisse nada,  
Mazatear tod'a sola  
Bourando con tod'a alma  
E que torgasen tamen
- 235 Canto soupesen de cantegas.  
O Seor Gose sonou mocos,  
E parece q'orneaba  
Así s'armou unha múseca<sup>31</sup>  
Tan docíña e de tal gracia<sup>32</sup>
- 240 <7a> Q'os demos foxiron todos  
Naquel istante d'a casa.  
Meten puños n'as orellas:  
Acabalo d'as beatas  
Cen escapan p[or] acó
- 245 Outros cen aló s'escapan.  
Uns trucaron'n un croceiro  
E cean de recuada  
E outros que ven correndo  
Can enrib'e a cinzarra
- 250 Ynda lles cheg'os oídos  
E o tilitan d'as campanas  
Tamen' nos fai bufar muito.  
Volves' atras a canalla  
Tizando c'os chuzos quentes
- 255 As probiñas d'as beatas  
Sen saber q[u]e rumbo levan  
Xordos e cegos c'a rábia.  
A [nuncea]<sup>33</sup> prosegua  
Os demos tamen berraban
- 260 Chamando p[or] escoleres  
E por meigas de mais fama  
Q'os arrigasen d'a Cruña  
E os lobasen p[ar]a Francia.
- Os demos que 'n outros postos
- 265 Toutaban algun panarra  
Pra que sahis'o pernuncio  
Qu'iba xa d'escangallada  
Deixaron os seus cantiños

28. Despois de *q[u]e* aparece *aquí*, que está riscado.

29. No ms., *Achegadinos*.

30. Debaixo deste, riscados, lense os seguintes dous versos: *E pra que n'ouvisse nada / Mandou Bartold'os picaros*.

31. Debaixo deste hai un verso riscado que resulta difícil de descifrar.

32. Debaixo desta liña aparece un verso riscado en que semella lerse o seguinte *Que nada tiña n' [...]*.

Despois de *gracia* hai unha chamada (3) para a que se encontra resposta nas páxinas <7> e <8>.

33. *Nuncea* é lectura hipotética.

- |   |   |
|---|---|
| <p>270 E as calles non s'andaban<br/>         Senon tripan d'en demonllos<br/>         Que c'as lingoas d'unha vara<br/>         E os cornos coma touros<br/>         E as pernas coma crabas<br/>         Arregalados os ollos<br/>         275 Hastr'os tellados brincaban<br/>         P[ar]a ver de donde viña<br/>         Tod'aquela embarullada<br/>         Nubrous'antoncel o ceo<br/>         Os escoleres baixaban<br/>         280 E as meigas tamen viñan<br/>         Todas elas afogadas<br/>         Q'atrasaran o mar<br/>         E salvaran as morallas.<br/>         &lt;7b&gt; Xuntanse demos e meigas<br/>         285 Escoleres e beatas<br/>         Por ultemo d'este embrollo<br/>         O longo d'a calle Ancha.<br/>         Vns votanll'a culp'os outros<br/>         Do demontre d'a enxangada<sup>34</sup><br/>         290 Vns peganse tizonazos<br/>         Outros arrigans'as barbas<sup>35</sup><br/>         E outros mais rabechados<br/>         Craban 'os cornos 'n a cara<br/>         A patadas aqueloutros<br/>         295 Coma condanados andan<br/>         Estes zorreganll'as meigas<br/>         C'os espetos 'n as queixadas<br/>         E azoutas de demonio</p> | <p>Danll'aqueles as beatas<br/>         300 Hastra que (vaya por Dios)<br/>         Se lle describen as cachas.<br/>         Os escoleres<sup>v</sup> quixeron<br/>         Compol o diallo d'a zambra<br/>         Con paliq'e cortesias<br/>         305 Pro os demos reprecaban<br/>         Zimbrando sopapos 'n eles<br/>         Coma quen chobe saraiba.<br/> <br/>         Estando 'n este cotarro<br/>         Viron unhas luces craras<br/>         310 Que con Noso Señor viñan<br/>         Entrando 'n a calle Ancha<br/>         Así q'uliron aquilo<br/>         Collen as meigas d'as faldras,<br/>         Embrullados alí moito,<br/>         315 Anqu'as meigas rabeaban,<br/>         Montan d'acabalo d'elas<br/>         E por enriba d'as casas<br/>         E uns por enriba d'outros<br/>         E por calles escusadas<br/>         320 Votan á foxir sin orde<br/>         Hastra saltal as morallas.<br/>         Cheas de paus e d'azoutas<br/>         Por diabros escadrilladas<br/>         Alí quedaron chorando<br/>         325 As probiñas d'as beatas<br/>         Que siguiron al Señor<br/>         Hastra q'entrou 'nunhas casas</p> |
|---|---|

V. O 5 de abril de 1846 constituíuse na Universidade de Santiago de Compostela o Batallón Literario. Pero aquí describe o intento dos escoleres da Coruña de pronunciarse a favor do levantamento, acto que se fai nas aforas da Coruña, no Carballo, e que foi desfeito pola chegada do xeneral maior.

34. Por riba de *enxangada* escribiuse unha palabra borrosa.

35. Talvez *Outros arrigan'as barbas*.

E todos pensaban muito  
 Q'os choros d'as boas almas  
 330 Eran por culpas d'os homes  
 Que por elas... (miñas santas)  
 Nunca [...] boiraran un prato  
 Con ningunha rabechada,  
 <8a> Nin triparan tansiquera  
 335 Vnha cruciña de palla.  
 Pol o campo de Carballo  
 As meigas choromicaban  
 Case tod'os escoleres  
 Tamen limpaban as bágoas  
 340 C'o farrapo d'o manten,  
 E os demos zorregaban  
 Cada patada 'n o chao  
 Que tembraban as morallas  
 Cand'o Xaneral mayor  
 345 Antre fum'e llaparadas  
 Chegou rabea gomitando:  
 Xuntoume tod'a canalla:  
 Pergontou pol o traidor  
 Que mover'a zarabanda  
 350 Dixeronlle que Bartoldo:  
 "Vn pequeno'scoler vaya  
 Dilatalo a polecia,  
 Dixo el, e sin tardanza  
 Q'inda moy pequena è  
 355 Tal pena para tal falta".  
 (Vn escoler chuchadiño  
 Aló foy c' o a'mbaixada).  
 "Todol os demos se volvan  
 Tentall a xente de marras,  
 360 Proseguéu, e se son poucos

No infern'outros agardan  
 Q'estan rabeando por vir  
 A ver s'enfrian as nadegas.  
 ¡Perdeuse boa começa  
 365 En Santiago, por disgracia!  
 Pro non hay que s'afrexir  
 Q'inda quedan esperanzas,  
 E o que non saleu est'ano  
 Poida ser que n outro salla,  
 370 [Adomais]<sup>36</sup> d'esta desfeita  
 Ynd'hay que collel as rachas  
 .....  
 Esta noite 'n este síteo  
 A eso d'a unha dada  
 Volvas'a xontar aquí  
 375 Tod'esta boa canalla!!  
 <8b> Con esto voaron todos  
 Para dentro d'as pousadas  
 E o Xaneral mayor  
 Foy tocar outra cinzarra.  
 380 Mentres a enguespa corria  
 Que levo xa decrarada  
 En q'os deños por Bartoldo  
 Esa cinza lovantaran,  
 E que 'n acouga s'o diaño  
 385 Mayor acó non se pranta,  
 O Seor Gose estroía  
 O noso par d'empanadas  
 O son son d'a pandeireta  
 Q'os mesmos demos espanta.  
 390 Antr'outras cousas garridas  
 D'e<sup>37</sup> *gubern' e pobro e España*

36. *Adomais* é lectura hipotética.

37. No ms., *De* corrixido para *D'o*.



<p>D'e<sup>38</sup> sarvis e franceseiros  D'asoletism'e d'o Papa  Do Sistema trebutario<sup>VI</sup>  395 Camarille Ladroada  E de Cuba e Casamento  E d'a Revulusion<sup>VII</sup> santa  Q'empredía ese pereodeco  Que dice que ¡moy ben fala!,  400 Encaixaba mil verdás  Tan forzudas e tan craras  Com'as que por aquí vay  O seu sobriño de Xallas<sup>39</sup>  Decia el moito: Amiguiños  405 &lt;4b&gt; E Dixo moito: <sup>40</sup>amiguiños<sup>41</sup>  Todo vos e unha farsa!...  Quen foi derrotad'e Concha,  E o que caeu na trapa<sup>42</sup>  Foi Concha, Concha foi solo</p>	<p>410 Quen quedou sin unha alma.  Concha, Concha... alí Velasco<sup>VIII</sup>  Se d'as maus<sup>43</sup> non lle mo sacan  Afog'o com'a un coello.  Velasco... ¡qui he mala alma!  415 &lt;5a&gt; Mais ahor'o Señor Concha  Xa'stará donde Dios cadra.  Non foi en Santiag'o<sup>IX</sup> ataque<sup>44</sup>  Nin ten<sup>45</sup> semellante traza  Que foi na VII', e todo est[e]<sup>46</sup>  420 Conto o viveu esa vaina  Do señor xefe político  Que mala centell'o abra.  Quer q'a Cruña n'alz'o grito  E q'Artillería salla  425 Que non quer salir por que  Ten med'as moscas q[u]e andan  Soando, que ven o brau<sup>47</sup></p>
--	--

VI. O pronunciamento, de signo progresista e galeguista, manifestouse contra a reforma tributaria que acababa de promulgar o Goberno e contra a pretensión de casar Isabel II co conde de Trápani, por ser carlista.

VII. *La Revolución* foi un xornal que dirixiu Faraldo durante o levantamento e do que só saíron tres números.

VIII. C. Víctor Velasco, comandante de Infantaría, foi executado en Carral o 26 de abril de 1846.

IX. Agardábase que o pronunciamento de Galicia fose secundado nesta cidade.

38. No ms., *De* corrixido para *D'o*.

39. Dá a impresión de que entre "Com'as que por aquí vay" e "O seu sobriño de Xallas" falta un verso, probablemente omitido de maneira involuntaria por quen redactou o manuscrito que contén o poema.

40. No ms. antes de *amiguiños* lese o posesivo *Meus*, que está riscado.

41. Obsérvase que o autor non fixo un enlace perfecto entre o final do engadido da chamada 3 e a continuación do relato na páxina <4b>, pois quedáronlle xustapostos dous versos que, non sendo iguais, si son moi semellantes.

42. No ms. hai unha mancha de tinta entre *tra* e *pa*, como borrando o <m> dun precedente *trampa*.

43. Talvez *mans*.

44. No ms. *en Santiag'* está na entreliña; debaixo lese *o atacu'en Santiago* e advírtese que se riscou o segmento *n Santiago*.

45. No ms. *ten* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *hay*.

46. No ms. *esto*. Restitúo *est[e]* para lles dar sentido a estes versos.

47. Talvez *bran*.

	E xa queren calloubada.		Est'he o q'hay, meus amigos,
	A tropa q'estab'ahí fora	450	Non dedes creto as campanas
430	Como non ll'abren a casa		Nin tampouc'ostordinario <sup>XII</sup>
	Van vendo q[u]e donde foxen <sup>48</sup>		Que todo vos he unha farsa.
	Que non lles cadr' <sup>49</sup> unh'alandra.		
	O xeneral vai fedendo		Con est'o Seor Gosé
	Lev'a trop' enforruñada <sup>50</sup>		Deull'a Xan unha pancada
435	Y a cabeza d'el xa cheira	455	<i>Moy cariñosa</i> na lomba
	A xufre que non s'aguanta.		E deus'a volta pr'a casa.
	O mono non sal'afora		As campanas a todo eso
	Do cubil donde s'agacha		Co seu tan tan galan tângalan.
	E se sal'e pra fuxir		Xaniño quedou moy <sup>53</sup> ledo
440	No vapor q'esta de garda <sup>51</sup> .	460	Ouvindo tales palabras
	Cadiz, Leon, Barcelona		Pro... como era xorobado
	Zaragoza, Salamanca		Aindo'o probe... ainda... machaba.
	Alicant'e Cartaguena <sup>52</sup>		O bo do Seor Bartoldo
	<5b> Todas estan pernunciadas.		Brincaba com'unha xata
445	Yriart' <sup>X</sup> esta cos seus,	465	De modo que derrubou
	Velasq'e Solís traballan,		Todal as formas d'a parcha.
	Rubin de Cielos <sup>XI</sup> e un tigre		Tocab'o chifre c'os beizos
	Q'hastra Madrí xa non para.		Cal se fora unha colandra

X. D. Martín José Iriarte, xeneral esparterista. Estaba exiliado en Portugal e en canto se pronunciou Solís presentouse en Astorga cun corpo de voluntarios para impedir a chegada a Galicia das tropas enviadas polo Goberno.

XI. D. Leoncio Rubin de Celís, brigadier, tomou parte no pronunciamento de Vigo. Mandou o segundo corpo de exército (o primeiro mandábao Solís) destinado no sur de Galicia. Coma na batalla de Cacheiras (23 de abril de 1846) non fixo acto de presenza para apoiar a Solís, e decidiu refuxiarse en Portugal, foi acusado de traizón. Os honores que posteriormente recibiu de Isabel II avalan esta interpretación.

XII. Refírese a un dos bandos extraordinarios, impresos polo capitán xeneral, para informar de que Solís fora derrotado.

48. No ms. *foxen* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *han d'ir*.

49. No ms. *cadr'* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *toq*.

50. No ms. *enforruñada* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *alborotada*.

51. No ms. *garda* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *marcha*.

52. No ms. o <u> de *Cartaguena* aparece na entreliña, entre o <g> e o <e>.

53. No ms. *moy* está na entreliña; debaixo, riscado, lese *mais*.

- |   |  |
|---|--|
| <p>E dempois que se cansou<br/> 470 Dixo con moita<sup>54</sup> baralla<sup>55</sup><br/> &lt;6b&gt; Bruand'o mesmo que un cucho<br/> Sin lle por med'a compañía<br/> Nin as meigas, nin sugotas<br/> Nin outras badulacadas:</p> <p>&lt;5b&gt; Pícaros que falsamente<br/> 475 Repinical<sup>56</sup> as campanas<br/> &lt;6a&gt; Se non votás a foxir<br/> Entregad'a Dios a alma<br/> Por q'a coitela d'un home<br/> 480 Vay á faguer cada racha<br/> D'as vosas tripas cochinas<br/> Q'han de quedar tan delgadas<br/> Que van servir todas elas<br/> Para cordas de guitarra</p> <p>O decir est'e entrar dentro<br/> 485 Trec'ou catorce xandarmas<br/> Foy tod'un, e o Seor Bartoldo,</p> | <p>Sen que lle valesen prátecas<sup>57</sup>,<br/> Tuvo que votar a andar<br/> 490 A verll'o Moniñ'as barbas;<br/> E poida ser... q'a lamber<br/> Tres, catrou cinco patadas.<br/> Asi collerá mais folgo<sup>58</sup><br/> Bartoldiño Babionada<br/> 495 Para facer<sup>59</sup> c'a coitela<br/> Tantas cordas de guitarra.<br/> &lt;6b&gt; Vostede que veu meu tío<br/> As cousas aló tan craras<br/> Vexa que xente mais testa<br/> 500 Para Menistros d'España<br/> Bo he que Madril ten moitos<br/> Pro s'algunha vez fan falla<br/> Poden vir acó buscalos<br/> Que levem'o deño marran.</p> <p>&lt;6&gt; Cristobo de Xallas<sup>60</sup>.<br/> Cor[uiña] Mayo 1846</p> |
|---|--|

54. No ms., *moit'* corrixido para *moita*.

55. No ms. *baralla* está na entreliña, seguido dun 2; debaixo, riscado, lese o substantivo *algazara*. A resposta á chamada 2 está en <6b>.

56. No ms. semella haber un previo *Repenical'*, corrixido para *Repinical'*.

57. No ms. semella haber un previo *práticas*, corrixido para *prátecas*.

58. No ms. *folgo* está engadido ao final do verso, precedido do substantivo *forzas*, que non está anulado. Por riba de *forzas*, riscado, lese *ánimo*.

59. No ms. lese *facer*. O autor propúxose escribir *faguer*, mais antes de acabar de facelo cambiou de propósito e corrixiu para *facen*.

60. Debaixo desta liña no ms. lese, riscado, *Gorecho Farruco de Xallas*.

Carta de Cristob. a seu tío D[omi]n Alfonso de Santiago.

Nenhumo parece que vos  
 De ver alguma desgraça —  
 Por que é isso? — Porque?  
 Por que vos tras unha cara  
 Que parece un calabre,  
 Sordach' algo? — Amiz, nada  
 E logo? — Logo, que todo  
 Na se lo terá la trouxa  
 E logo que hay? — Tha' thá  
 Tháto avagava larga  
 Na saúde — E os q' impo  
 Nome, mal rays se parem,  
 Lou que colten a calias...  
 Seiq' escas todo! — Non máis  
 Porra... porra!; como foi!!  
 É'e impossível! — Caracha  
 É'o deus do tabido!  
 E as que's aínda máis crava,  
 Sando she digo q' e cava...  
 Porra home, avosme fala  
 Como se cava, ou que hay —  
 Nada, non se cava nada —  
 Porra... — E' entón ali' lacha  
 Sando singren o exército,  
 E copon a deusón  
 Su ocupas' unha casa...  
 Tema parece' unha touca  
 Teriam con porra aínda

E' habian d'osmo dormido  
 Sin contar c' unha aturada? —  
 Digue miúdo de baco...  
 Havia de deusón d' os cava.  
 Uncha gansen, non hay d'ela  
 Por' d' deusón d' o gansen  
 Non lle valen cava' ichava  
 Por que lle conta moy' cava.  
 Fue sobre! Non se ven non  
 Lora máis ben apurada.  
 Os non perder perdón  
 Por halle de queda fama  
 De valentes, memora que  
 Valentes haxon en España  
 Pero será certo es?  
 Parece' unha <sup>bonita</sup> ~~bonita~~  
 Ramias... si que me chora... —  
 Non sinca era campanas  
<sup>Alfonso de Santiago</sup> ~~Alfonso de Santiago~~, ou cava xudo? —  
 Logo por cos tocaban! —  
 E logo! — Non huy vergosa  
 Porra! que galopada!  
 Sando todo exército  
 Respirical as campanas!  
 Así estaba parolando  
 Xirindó de Vilanchada  
 E' o xastre d' aquí da Cruz  
 Aturadon de moito fama,  
 En Barcelid' o xapaceros  
 Con perder da ma <sup>ma</sup> ~~ma~~

Cristobo de Xallas (1846): Carta de Cristob. a seu tío D1[o]n Alfonso de Santiago. [Manuscrito]. [Fragmento].

<p>Fue sin presonal es allo          Apuntado por el miraba          devorado na tua villa          Co ã coitela compuntada          E unha forma mor' as ordila          Fue sobre d'cha afeicoun          Unha vir' antes de que          Pensal' a tal moicinda          Fue d'ahi saia viuido          Sin lle ser med' a varaita.</p> <p>Estando u cotó atordido          Lebrancensadal as carnis          Aliviandi un bostes po' o outro          Deiros uns papalanacas          Chegou Pop' o carpoucio          Fue voad' agui' duas casas,          E sabe ler e escribi,          E conuen sab' o que fala          V' e home que le papév,          E navelas afomadas.          Nevill' a loarila autano          E se come non craballa (1)          Ka se lle conoz' o venore,          E pa seu boa pagadme          Dunga de caudas e deus          Dixo non moisa sa-bura:          Fue far, Antidolan e sin sey,          e da sey Pop' o que me pag.          Por que... sa canton e de...          In amig' nome d' l'epuca</p>	<p>Nem' e' cos! - Log' ignora          Por que tocan a comproua          Ba, ba, ba! que duros cos!          E voun unha viuida,          E mirari an' de budo          Et por d'os os meus panacas          D'oube de que foren          Han habidos e tan sin abun-          Por logo qui e o que dita!          (Alfonso Xan de Vilanchada)          Non din q'alo' os de lancia?          La non debaixo d'n carpou?          - Ba, ba, ba! quen traga q'...          Pope, Pope as conus ma-las          Deuse cha valta conus -          E sempre con' a deigrain          Deons d'os homes de bon,          Dixo Xan de Vilanchada          Ouns ollos seu afexido          V' atofi' me dala l'isoua.          - Pero q' habedes de ser          Homes de seu pouca lacha,          Dixo non carpoucio          Ka c' unha pouca de rala,          Fue s' um burro de fari          Nos seu c' unha moicinda          D'adell' a el tanto coito          Sin cada seu libere          Sin servido para nada!</p>
--	--

Cristobo de Xallas (1846): Carta de Cristob. a seu tío D1[o]n Alifonso de Santiago. [Manuscrito]. [Fragmento].

